



XUNTA  
DE GALICIA



Concello de Lugo



# XXII OPEN SAN FROILÁN 2018

## XCIII CAMPIONATO AUTONÓMICO DE BILLAR A TRES BANDAS

Organizado polo CÍRCULO DAS ARTES de LUGO  
durante a semana do 8 ao 14 de outubro de 2018  
baixo os auspicios da XUNTA DE GALICIA e da FEDERACIÓN  
GALEGA DE BILLAR e a colaboración do CONCELLO DE LUGO.

### DISPOSICIÓN CIRCUNSTANCIAS

<b>Data de apertura:</b>	(Segundo o número de participantes)
<b>Local:</b>	<b>Círculo das Artes</b> Praza Maior, 23 L U G O
<b>Instrumentos de xogo:</b>	Mesas: 4 SAM Bandas: Kleber Bólas: Super Aramith Pro-Cup
<b>Mecanismo da proba:</b>	Segundo o regulamento da R.F.E.B.
<b>Reloxo de tempo:</b>	<b>Todos os partidos</b> , tanto da fase previa como da fase final, disputaranse a <b>40 CARAMBOLAS co límite de 50 ENTRADAS</b> En todos os partidos utilizarase o reloxo de tempo (40 segundos). Será obrigatorio solicitar ao árbitro, por parte do xogador, calquera dos tres tempos dos que dispón.
<b>Horario dos partidos:</b>	<b>OS PARTIDOS XOGARANSE ÁS 17:00 E ÁS 19:00 HORAS</b> <b>Os horarios fixados no momento de confeccionar o cadro de xogo SERÁN INAMOVIBLES.</b>
<b>Inscricións:</b>	Aberto a todos os xogadores <b>con Licenza Federativa en vigor.</b>
<b>Cota de inscrición:</b>	<b>150 €.</b> (Cento cincuenta euros), importe que deberá ser ingresado na conta de ABANCA, núm.: ES15-2080-0551-6230-4000-3630, aberta a nome da Federación Galega de Billar. No comprobante deberá constar o nome do xogador ao que corresponde, e envialo mediante FAX ao número (986.290.666) da Federación Galega de Billar. <b>Os xogadores que teñan tramitada a súa licenza a través da Federación Galega de Billar, terán unha bonificación de 120 € na cota de inscrición.</b>



## **AVISO**

***A organización non admitirá variación algunha nas normas de uniformidade, nin inscricións fóra do prazo establecido.***

### **Dereitos de imaxe:**

***A inscrición ao presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.***

*Todos os eventos do Calendario da FGB son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGB, celebrados en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo 8 da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, respectando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

***No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición.*** *Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.*